

DECRETO

Excmo. Sr. D. Mauricio Repetto Morbán, Tte. de Alcalde da Area de Dinamización Económica e Relacións Institucións do Excmo. Concello de Lugo,

Instruido expediente relativo á: **RESOLUCIÓN PARTICIPANTES PROGRAMA TURISTALENT 5.0**

Vistos os seguintes antecedentes:

- Acordo 17/229 da XGL, de data 11 de xuño de 2025, de aprobación das bases de selección de proxectos innovadores para a súa participación no programa TURISTALENT 5.0
- Informe do Servizo de Desenvolvemento Local, de data 1 de agosto de 2025, relativo á verificación da documentación administrativa presentada polos aspirantes, do cal se desprende, que as 13 solicitudes están completas e correctas.
- Informe do Comité Técnico de Valoración de data 11 de setembro de 2025
- Informe de data 11 de setembro de 2025 de Desenvolvemento Local de proposta de resolución

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 464/2024 do 19/01/2024 modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/2024, do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar os proxectos seleccionados para participar no programa TURISTALENT 5.0, atendendo ao Informe emitido en data 11 de setembro de 2025 polo Comité de Valoración, e coas puntuacións obtidas seguintes:

Proxecto	Resumo do proxecto	Equipo (20)	Impacto económico (20)	Orientación ao produto (20)	Innovación (10)	Repercusión turística (10)	Escala bilidad e (10)	Internacionalización (10)	Total (100)	Xustificación
1 - Lugo 5 Sentidos	Experiencia sensorial en Lugo con visitas guiadas, degustación de viños e pinchos, interacción histórica e auditiva.	10	10	12	6	8	6	8	60	Experiencia completa, tecnoloxía inmersiva, gamificación, adaptable a turistas internacionais.

2	- ALMA	Plataforma digital de paquetes turísticos para municipios, promoviendo patrimonio o menos conocido.	12	10	12	6	7	6	8	61	Turismo experiencial; replicable en varias localidades; impacto económico indirecto; adaptabilidad internacional (idiomas).
3	- Barvandia	Servicio que combina el Camino de Santiago con autocaravana/camper, asistencia e experiencias locales	10	12	12	7	8	8	8	65	Turismo rural desestacionalizado; fusión peregrinación + camper; alta escalabilidad; atractivo internacional.
4	- Master of Museums (LUCUS Arqueológico)	Experiencia gamificada en museos de Lugo con NFC, app e código físico para experiencias interactivas	10	12	12	7	8	8	8	65	Gamificación e tecnología; aumenta pernóctaciones; modelo repetible e escalable; potencial global.
5	- TheOK app	Escoita activa para destinos inteligentes	12	12	12	8	7	8	9	68	Innovador SaaS con intelixencia artificial, gamificación e monetización B2G/B2B; escalable e multilingüe; impacto directo en destinos, eventos e economía local.
6	- Raíces - Reconecta contigo	Proyecto de bienestar con baños de bosque, yoga e actividades virtuales/híbridas	10	12	12	7	7	8	8	64	Baños de bosque innovadores; impacto económico local; replicable; atractivo para turistas internacionales.

7 - Tutapeo	Plataforma dixital con IA para mellorar visibilidade de locais HORECA e rutas personalizadas	12	10	12	7	8	9	8	66	Mellora turismo e enogastronomía; escalable e adaptable internacionalmente; monetización vía subscricións.
8 - Saberes da Terra	Turismo gastronómico e cultural con obradoiros, eventos, food trucks e meal kits	10	10	12	6	7	7	8	60	Experiencias participativas e culturais; replicable; exportable a turistas internacionais.
9 - A Casa da Memoria	Centro rural que combina cultura, arte, memoria histórica e área camper sostible	10	10	12	8	7	6	5	58	Turismo rural e emocional; modelo escalable; combinación de memoria, arte e benestar.
10 - Camiño e Sabor	Experiencias enogastronómicas sostibles con produtores locais e rutas personalizadas con venda directa, axencias e plataformas turísticas	10	12	12	8	9	8	8	67	Turismo enogastronómico modular; dixital e replicable; alto potencial internacional.
12 - WorkFromGalicia	Servizos integrais para turistas e peregrinos combinando turismo con teletraballo	10	12	12	8	8	9	9	68	Turismo + teletraballo; modular e escalable; dirixido a turistas internacionais cualificados.
13 - Doris Reportaría	Obradoiro artesanal de repostería galega creativa e sostible usando	10	10	12	5	7	5	6	55	Repostaría creativa e sostible; impacto económico local; escalable.

	ingredientes locais									
--	---------------------	--	--	--	--	--	--	--	--	--

SEGUNDO.- Desestimar o proxecto seguinte por non acadar a puntuación mínima de 50 puntos:

Proxecto	Resumo do proxecto	Equipo (20)	Impacto económico (20)	Orientación ao produto (20)	Innovación (10)	Repercusión turística (10)	Escalabilidade (10)	Internacionalización (10)	Total (100)	Xustificación
11 - XIITEA	Información insuficiente	0	0	0	0	0	0	0	0	Información insuficiente para avaliar.

TERCEIRO.- Notificar mediante a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo, así como na web do programa TURISTALENT 5.0, aos participantes con candidaturas estimadas e desestimadas, e tendo en conta, que unha vez publicada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de cinco (5) días hábiles para a súa aceptación, a contar desde o día seguinte a súa publicación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa entenderase rexeitada.

CUARTO.- As resolucións que se diten nestes procedementos esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cúmprase.